



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2015

Ás 9.33 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Ana Iglesias Galdo, Ana Barxa Cid, Sonia Rodríguez Beltrán, Daniel Pena Agras, Sergio Santos del Riego, Anxo Calvo Silvosa, Susana Ladra González, Manuel-Reyes García Hurtado e Fernando Agrasar Quiroga.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, da celebración dunha CRUE o pasado luns 7 de setembro, en que se analizaron distintos asuntos sobre a xestión universitaria, en particular a aplicación do Real decreto do 3+2 e a súa repercusión sobre os títulos de grao. A CRUE está elaborando unha serie de estudos monográficos. O primeiro deles é o do profesor belga Guy Haug, sobre os graos e mestrados no EEES. En vindeiras datas aparecerán outros estudos, dispoñibles na páxina da CRUE. Continúase a negociar con CEDRO a remuneración equitativa polo uso de publicacións dos seus autores nas plataformas educativas das universidades.

A executiva da CRUE mantivo varias reunións cos responsables ministeriais en materia de xestión de persoal, en especial para reclamar a xestión autónoma do gasto autorizado en capítulo I, de maneira que se deixe flexibilidade na atención das prioridades docentes e investigadoras que cada universidade marque. En cambio, o pasado 11 de setembro, o Consello de Ministros aprobou o Real decreto-lei 10/2015, en cuxa disposición adicional segunda se introduce unha importante modificación dos artigos 62 e seguintes da LOU, relativos aos concursos de profesorado.

O **reitor** informa o estado das negociacións para a cesión dunha parte do edificio do Calvo Sotelo para usos de residencia universitaria. Estase a traballar no proxecto de reforma do edificio. Nos vindeiros días do mes de outubro asinarase o convenio coa Deputación da Coruña.



A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da publicación da listaxe de solicitudes admitidas na Convocatoria de axudas para agrupacións estratéxicas e da inminente publicación da resolución da convocatoria de consolidación, ambas as dúas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. No ámbito das empresas participadas pola UDC o vice-reitor informa sobre a venda da *spin-off* SYNTERACTIVE, S.L. e da constitución da empresa NERXUS. Tamén informa sobre a próxima reunión de arranque da Unidade Mixta de Investigación constituída entre a empresa Navantia e a UDC, beneficiaria dunha das axudas da Axencia Galega de Innovación para este tipo de unidades. Informa tamén da conferencia pronunciada na UDC polo profesor Avelino Corma, Premio Príncipe de Asturias de Ciencia e Tecnoloxía 2014, no marco da Aula REPSOL-UDC.

Así mesmo, o vice-reitor informa da publicación da resolución definitiva de concesión dos proxectos dos Programas Estatais de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia e de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade do MINECO, correspondentes á convocatoria de 2014 e do remate do prazo destas mesmas convocatorias no ano 2015, agás a modalidade 3 da convocatoria de Retos, en que se recollen proxectos de I+D+I para novos investigadores sen vinculación ou con vinculación temporal, cun prazo de presentación de solicitudes, desde o 1 ata o 22 de outubro.

Finalmente o **vice-reitor de Investigación e Transferencia** informa de diversas cuestións relacionadas co doutoramento: da publicación da resolución definitiva das concesións de axudas da convocatoria para estadias internacionais predoutorais UDC-INDITEX, da convocatoria *Gradschools* da Fundación Barrié e as tres universidades galegas, do elevado número de teses que se están a tramitar motivado polo prazo fixado no RD 99/2011 para a defensa das teses de estudantes procedentes de ordenacións anteriores e da previsión de publicación dunha resolución que sirva para abreviar os prazos asociados ás teses de doutoramento no ínterim ata a data límite para a defensa marcada polo RD 99/2011 (11 de febreiro de 2016).

Toma a palabra o **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías**, o cal informa de que unha vez pasados dous anos desde o último nomeamento dos coordinadores de mestrados, se vai solicitar a renovación ou cambio destes coordinadores, e igualmente se solicitará aos centros que



remitan os nomes dos coordinadores de títulos de graos, anteriormente denominados profesores responsables de titulación (PRT).

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da constitución, o pasado 25 de setembro, da Comisión de Estudo para o Plan de Racionalización de Estruturas Académicas (CEPREA), que fora aprobada no pasado Consello de Goberno de xullo. Comenta a existencia do repositorio institucional aberto sobre este asunto, a que teñen acceso todos os membros do Consello de Goberno, todos os directores de departamento e representantes dos traballadores nos distintos órganos de representación do PDI e do PAS. Lembra tamén a posibilidade de enviar suxestións ao proceso. A vindeira reunión da CEPREA terá lugar o día 9 de outubro. Posteriormente, haberá unha reunión con representantes de universidades que fixeron procesos de reestruturación das súas estruturas académicas.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa, en primeiro lugar, de que está a punto de se pechar coa Consellaría de Facenda o plan de reequilibrio orzamentario para o exercicio 2015- 2016. Pola información que nos deron a pasada semana, a idea é pechar os plans coas universidades simultaneamente durante esta semana, polo que entendemos que será aceptado o da UDC na última versión presentada. Ante o atraso das negociación deste plan, e tras escoitar a Comisión de Asuntos Económicos deste Consello de Goberno, a comezos de setembro tomouse a decisión de publicar a Resolución conxunta da VEPI e a Xerencia da UDC pola que se deixa sen efecto a suspensión dos compromisos de gasto establecidas pola resolución do 17 de xuño de 2015 e se adoptan novas medidas de reequilibrio orzamentario no estado de ingresos e gastos de 2015.

A decisión de levantar a suspensión está baseada, por unha banda, na mellora da tesourería e, por outra, en facilitar o comezo de curso coa maior normalidade posible neste contexto. A propia resolución apunta, ademais, a data de peche de adquisición de compromisos, que esta semana se adiará aproximadamente un mes, para facilitar a planificación dos gastos.

As medidas, excepcionais para este exercicio, foron explicadas aos decanos e directores nunha reunión mantida o pasado día 8 de setembro, e foi cumpridamente informada a Dirección Xeral de Orzamentos da Consellaría de Facenda. A vice-reitora agradece a colaboración de directores de centro



de gasto e negociados de asuntos económicos á hora de executar a resolución.

Ademais do escrito neste documento, prevese que o plan de axuste de gasto de 2015 afecte aos fondos de financiamento plurianual a grupos. Como saben foi repartido xa o 50%. A previsión que temos é reter un 25% e repartir o outro 25% pero moi posiblemente, e aproveitando o carácter plurianual do crédito, co peche do exercicio, para que sexan executados en exercicios posteriores, en 2016 e 2017.

A vicerreitora dá conta de que, desde o anterior Consello de Goberno, a Comisión de Asuntos Económicos foi informada de imputacións autorizadas ao exercicio corrente por obrigas xeradas en exercicios anteriores correspondentes cos expedientes V-00014-15 e V-00015-15 por importe total de 59 629,72 €

Por último, informa de que a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 29 de xullo validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2015 por importe de 193 915,51 € correspondente co expediente C-00010-15 de Intervención.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa de que o día 10 deste mes de setembro se resolveron os premios de Investigación que convocan conxuntamente a UDC e o Concello de Ferrol desde hai dezasete anos. Nesta ocasión premiáronse traballos relacionados coas ciencias da saúde e a enxeñería industrial, premios que levan o nome dos ferroláns “Enxeñeiro Comerma” e “Antonio Usero”. Os gañadores foron os investigadores Carlos García González da Universidade de Santiago e Juan Fernando Martín Antolín da Axencia Espacial.

É de destacar o esforzo que tanto o Concello de Ferrol como a sociedade ferrolá fan a favor da investigación, concedendo estes premios que teñen unha importante dotación económica, pois cada un deles está dotado con 12000 euros.

O próximo 7 de outubro as universidades españolas celebran a súa primeira campaña conxunta enmarcada dentro da Rede Española de Universidades Saudables.

Dende o *Campus UDC. Universidade Saudable* estamos a rematar o programa de actividades de promoción da saúde que se van levar a cabo



entre o 5 e o 8 de outubro. Como adianto, sinalar que o vindeiro luns día 5, no campus de Oza, coorganizada polo Instituto Universitario de Ciencias da Saúde da UDC e a Asociación Española de Nutrición terá lugar a Xornada Avances en Nutrición, Saúde e Estilos de Vida no Século XXI.

Tamén está pechada para o día 7 a visita da profesora Carmen Gallardo decana da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade Rey Juan Carlos e actual presidenta da REUS que impartirá unha conferencia. Unha vez que estea pechado todo programa publicarémolo na web institucional e nas redes sociais agardando que teña unha boa resposta por parte da comunidade universitaria.

Mañá terá lugar unha xornada de benvida para os estudantes estranxeiros que participan dos programas de intercambio nos distintos centros do campus de Ferrol. Esta actividade lévase a cabo coa colaboración do Concello.

Por último, informa de que se segue a traballar na elaboración do Plan estratéxico do campus de Ferrol como campus industrial. A vicerreitora agradece a todas as persoas que están colaborando nesta tarefa, pola súa boa disposición o que, sen dúbida, terá un efecto moi positivo no éxito deste proxecto.

A **vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa, como cada inicio do curso, das cifras de estudantes internacionais na UDC para este primeiro semestre, cuxo acto de benvida foi o pasado 15 de setembro.

No curso 2015/2016 son 380 os estudantes Erasmus e de programas de mobilidade internacional que cursarán o primeiro semestre dos seus estudos na Universidade da Coruña (370 no primeiro semestre de 2014/2015). Por centros, Filoloxía, Arquitectura, Economía e Dereito son os que máis alumnos reciben. Hai que salientar que estas titulacións ofertan programas de docencia en inglés, que atraen a máis estudantes internacionais. Respecto ao desenvolvemento destes programas, informa de que se realizou a primeira edición das accións de capacitación de profesorado para impartir docencia en inglés –organizadas por esta vicerreitoría e o Departamento de Filoloxía inglesa da UDC– en cumprimento da Normativa aprobada por este Consello de Goberno antes do verán, cunha participación moi elevada dos docentes pertencentes a estes programas.



O incremento da mobilidade internacional tamén se constata nos estudantes saíntes. Para este curso 2015/2016 son, neste momento, 550 os estudantes da UDC que sairán fora para facer un semestre ou un curso completo – aínda que segue aberta a convocatoria- (frente aos 522 do curso pasado). En breve, publicarase a convocatoria da acción K107 do programa Erasmus + para estadias de estudantes de mestrados e doutoramentos da UDC en universidades de Xeorxia no segundo semestre deste ano académico.

Tamén se informa de que a Universidade da Coruña, en consonancia coas medidas aprobadas na Asemblea Xeral da CRUE, establecerá un programa de voluntariado para facilitar os procesos de acollida e integración das persoas refuxiadas que cheguen á cidade da Coruña no marco do dispositivo que establecerá o Concello da Coruña para tal efecto.

A iniciativa ponse en marcha a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) e en colaboración co Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI) e o Mestrado Oficial en Migracións Internacionais (MOMI) desta Universidade, que animan a todo o profesorado e o estudiantado egresado desta titulación a que poñan os seus coñecementos e capacidades en materia de mediación intercultural e migracións a colaborar voluntariamente para a acollida e integración das persoas refuxiadas. A colaboración canalizarase a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 22 de xullo de 2015

O secretario xeral somete á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 22 de xullo.

A acta é aprobada por asentimento e únese á presente como **anexo III**.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran na documentación, que se clasifican nesta ocasión en cinco (5) convenios marco, vinte e tres convenios específicos (23), e sesenta e tres convenios para prácticas (63) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



A listaxe apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á presente acta.

4. Correccións de erros na Normativa de simultaneidade de grao en Bioloxía e grao en Química

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen solicita autorización para modificar, por pedimento do decano da Facultade de Ciencias do 19 de agosto, o punto 5.6.1 parágrafo 8 da Normativa de xestión académica e o artigo 8.2 da Normativa específica para o programa de simultaneidade do grao en Bioloxía e do grao en Química. O mínimo de créditos para matricularse é de 66, e non de 72.

O punto apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo V** á acta da sesión.

5. Títulos propios de posgrao

Toma a palabra de novo o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor de xeito resumido as fichas de renovación do Mestrado en Actividade Física e Saúde e do Curso de Especialización en Planificación e Comunicación para a Promoción da Actividade Física.

Tamén comenta a renovación do Curso de Especialización en Prescrición de Exercicio Físico en Patoloxías, onde os proponentes do curso achegan un informe sobre a validez da prescrición de exercicio físico por parte dos titulados en Ciencias do Deporte. O informe foi sometido a alegacións por parte do Departamento de Fisioterapia. Tras estas alegacións, a Comisión de Estudos Propios de Posgrao pediu un terceiro informe ao representante do ámbito das Ciencias da Saúde nesa comisión, para aclarar a cuestión. Concluíuse así que non hai interferencia entre títulos ou atribucións profesionais. O termo prescrición de exercicio físico está claramente identificado e circunscrito á actividade física, e non ten nada que ver coa prescrición médica.

Por último, comenta unha corrección de erros detectada na ficha do curso de especialización en BIM (*Building Information Modeling*), renovada no Consello de Goberno de maio de 2014.



Os títulos foron informados favorablemente pola Comisión de Estudos de Posgrao.

Tras a exposición do vicerreitor, ábrese unha quenda de intervencións.

Sonia Souto Camba sobre o Curso de Especialización en Prescrición de Exercicio Físico en Patoloxías lembra a súa postura sobre esta cuestión, xa expresada cando se sometera a ficha para renovación no ano 2014. A prescrición de actividade física non se limita a esta, pois faise orientada cara ás patoloxías, cuestión que é claramente pertencente ao ámbito profesional da fisioterapia ou dos titulados sanitarios. Cita que achegou documentación específica sobre o asunto no breve prazo que se lle conferiu para informar sobre este asunto (reparte uns folios). Insiste en que os títulos propios deben ser coidadosos para non levar a confusión ou colisión coas atribucións dos profesionais sanitarios.

Nona Inés Vilariño manifesta o seu acordo co posicionamento da profesora Souto. Chámalle a atención que o vicerreitor non fixera mención do tratamento en patoloxías, que é a cuestión clave deste asunto.

A profesora Fernanda Miguélez entende que o que comentou o vicerreitor non ten nada que ver co que aparece no contido da ficha.

Xurxo Dopico indica que a proposta de renovación é un título propio da UDC, que vai dirixido aos estudantes e profesionais desta área, coa finalidade de cubrir un déficit formativo real. En ningún lugar aparece que esa formación sexa exclusivamente impartida por profesionais da educación física. Opina que non se debería transmitir ese tipo de medos ou de presións corporativas á sociedade. O título está dentro da legalidade, leva xa oito edicións. Remata dicindo que a competencia sobre prescrición de exercicio físico está recollida no grao oficial, xa acreditado.

A profesora Mariló Candedo lembra que non hai no Regulamento de estudos propios un procedemento para dirimir as controversias sobre atribucións profesionais. Por iso se solicitou unha serie de informes aclaratorios do fondo da cuestión. O terceiro informe solicitouse á representante da Área de Ciencias da Saúde membro da Comisión, que acabou por decantar o asunto. A profesora Candedo lembra tamén que este título propio leva funcionando desde hai anos sen maior controversia, polo que considera que o prudente é continuar ofertándoo. De aí o informe favorable da Comisión.



O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías comenta tamén o tema dos prazos de solicitude de informes. A continuación, lembra que os títulos propios nin dan nin quitan competencias profesionais, proporcionan coñecementos especializados sobre que tipo de exercicio físico debe realizarse en función da prescrición ou diagnóstico médico que traia cada paciente.

Sonia Souto afirma que canto máis escoita o vicerreitor máis se reafirma nos seus argumentos. Pensa que hai ignorancia da natureza profesional da fisioterapia.

Francisco Alonso Tajés opina que o termo «prescrición» non pertence a ninguén. No ámbito sanitario, o que cada profesión pode facer aparece no BOE. Se isto non se vulnera, todo o resto é opinable.

A profesora Fernanda Miguélez insiste en que a palabra «prescrición» leva á confusión.

O profesor José Manuel Sobrino Heredia opina que o máis lóxico sería unir esforzos entre os fisioterapeutas e os profesionais da educación física para configurar a oferta docente deste título propio.

O profesor Xurxo Dopico explica o que é a prescrición de actividade física, que non é describir a patoloxía médica, que é previa, senón programar, controlar e xestionar a actividade física necesaria, mesmo en casos de existencia de patoloxías médicas.

José Venegas considera «conflitiva» a denominación do título propio, polo que suxire a conveniencia da súa modificación.

Tras estas intervencións, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías engade que, non sendo especialista en profesións sanitarias, a súa obriga é someter a cuestión complexa a informes para tratar de resolver esta controversia arredor do significado e repercusións do termo «prescrición».

O reitor conclúe retirando as fichas correspondentes aos títulos de Mestrado en Actividade Física e Saúde e do Curso de Especialización en Prescrición de Exercicio Físico en Patoloxías, para que os profesores



implicados poidan chegar a un acordo de cara ao vindeiro Consello de Goberno.

A ficha do Curso de Especialización en Planificación e Comunicación para a Promoción da Actividade Física apróbbase por asentimento e incorpórase como **Anexo VI**

6. Modificación puntual do Regulamento de investigadores visitantes internacionais

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación para expor o punto.

Trátase da ampliación do período mínimo (de dúas semanas a dous meses) que se considera certificable ao abeiro deste regulamento. O período de dúas semanas era moi curto, e creaba efectos contraproducentes.

Moisés Canle pregunta se esta modificación ten implicacións económicas. A vicerreitora replica que ningunha.

Apróbbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

7. Modificación parcial da Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar que se trata de facer unha adaptación aos novos reais decretos ministeriais.

Hai un erro no último punto. Incorporar o prazo de cinco anos para acreditar os títulos de grao de 180 créditos.

A profesora Inés Pernas bota en falta a mención aos 300 créditos da titulación de grao en Arquitectura. Noutro punto, cando fala dos créditos do TFM, non se inclúen referencias ao mestrado profesionalizante de 60 créditos que é o que hai en Arquitectura.

O profesor Canle pregunta cales son os prazos, e se hai que someter os títulos a cambios por estes reais decretos.



Jorge Dacosta considera que debería aproveitarse para mellorar a normativa de defensa de TFG nas titulacións de Camiños.

O vicerreitor replica que se fixo unha transcripción literal do Real decreto, que non ten mencións a títulos profesionalizantes de 300 ou máis créditos, que están excepciónados no Real decreto. Igual acontece na normativa de fin de mestrado. O problema é que o Real decreto está mal redactado. Coméntase tamén o problema de matriculación no TFG de Camiños, que non é estritamente un problema de xestión académica, porque ten conexións coas normas de permanencia.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VIII**

8. Modificación puntual do Regulamento de prácticas académicas externas

Toma a palabra a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura. Trátase dunha modificación do artigo 13, en materia de cobertura de seguros, que adapta o regulamento de prácticas á modificación da cobertura que brinda a póliza Hac Luce a partir do 1 de setembro do 2015. Os maiores de 28 anos deben contratar a póliza Hac Luce accidentes para poder ter cobertura. Os de menos de 28 anos poden contratar tamén a póliza potestativamente, para ter unha maior cobertura.

Gonzalo propón que se introduza a palabra «colaboradora» a canda «entidade».

Moisés Canle solicita aclaración sobre as repercusións desta modificación.

Xurxo Dopico pregunta se para as mobilidades hai que contratar a póliza. Replícase que as mobilidades nacionais están cubertos polo seguro escolar nas mesmas condicións.

Tras as anteriores intervencións, apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IX**.

9. Proposta de modificación de dedicación do PDI. Curso académico 2015/2016



O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita autorización para catro cambios de dedicación derivados de circunstancias sobrevidas e que figuran de seguido:

José Pablo Abeal Vázquez, CIS P06 da Área de Economía Financeira e Contabilidade, Laura Castro Santos CIS P06 da Área de Construcións Navais, Hilda Cuba Cabana CIS P06 da Área de Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estruturas e Jorge Novo Buján CIS P06 da Área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial; pasarían todos eles a tempo completo.

Ten o informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento e incorpórase o acordo de autorización como **anexo X** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de cambio de área de coñecemento

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para a solicitude de cambio de área de coñecemento do profesor Ramón Yzquierdo Perrín (CU), da Área de Historia da Arte á Área de Composición Arquitectónica. Os departamentos de orixe e destino informan favorablemente.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**

11. Proposta de nomeamento/renovacións de profesorado honorario

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita renovar a condición de profesorado honorario de:

- Primitivo González López, da Área de Construcións Navais, segunda prórroga até o 31 de agosto de 2017.
- Rodrigo del Hoyo Fernández-Gago, profesor da Área de Enxeñaría do Terreo, segunda prórroga até o 26 de outubro de 2015.
- Pedro López Gómez, da Área de Biblioteconomía e Documentación, primeira prórroga, até o 31 de agosto de 2017.



- Sagrario López Poza, da Área de Literatura Española, segunda prórroga, até o 31 de agosto de 2017.

O Consello de Goberno, logo do informe da COAP, acordou denegar a segunda prórroga de renovación de Rodrigo del Hoyo Fernández-Gago, profesor da Área de Enxeñaría do Terreo, ao cumprir 75 anos, idade límite para a renovación do nomeamento como profesor honorario, o 25/10/2015, polo que tería unha vixencia de só vinte e seis días.

Así mesmo, solicita nomear profesorado honorario a María Amparo Almarcha Barbado, da Área de Socioloxía, e Ramón Martul Álvarez de Neyra, da Área de Matemática Aplicada, ambos até o 31 de agosto de 2017.

Todas as solicitudes cumpren os requisitos da normativa, e contan todos co informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XII**.

12. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

David Espiñeira menciona a redución do importe das bolsas de colaboración de 250 a 180 € Considera que é un contrato *basura*, e que se fai como as entidades privadas, «traballar máis por menos».

Miguel Muñoz Cantero solicita máis información sobre o tema das promocións a cátedras. Pregunta cando van ser as eleccións a reitor. Vaise facer algo contra os roubos na súa Facultade? Comenta que se vai facer co tema dos pasquíns repartidos polo persoal da limpeza.

Carmen Ramírez pregunta sobre os criterios para determinar a oferta de cátedras de promoción, porque lle consta que Sevilla toma a referencia de prazas permanentes da OEP de cada ano.

Luis Hervella comenta que hai sobreoferta de prazas en Informática, que superan os 240 alumnos previstos. Non entende moi ben os criterios que emprega a CIUG. Chamou ao representante da UDC na CIUG, e non obtivo resposta, polo que expresa a súa queixa. Comenta tamén que sería



máis transparente e obxectivo que os criterios de valoración das prazas de profesorado se aprobasen antes da publicación dos solicitantes.

Moisés Canle apoia o que comenta Luis Hervella sobre a CIUG. Engade que a mesma flexibilidade que hai para ampliar a oferta de prazas, debería terse tamén para non suprimir titulacións cando non se chegan aos fatídicos 20 matriculados nun mestrado. Debería ampliarse a oferta xa en xuño, para evitar problemas de planificación en setembro. Pregunta que vai pasar coa cuarta parte dos fondos propios plurianuais de investigación. Non se van repartir? Por último, comenta que nos últimos días se desenvolveron en dependencias desta universidade actividades cun contidoseudocientífico, máis que discutible.

José Manuel Sobrino pregunta se a universidade ten previsto convocar bolsas predoutorais de investigación, e cal vai ser o seu número. Hai previsto un apoio á unidade de terceiro ciclo para facer fronte á enxurrada de teses de doutoramento?

Sobre a minoración do importe das bolsas de colaboración, a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura di que se reduciu a contía, sen tocar nada dos criterios, para non volver ter que convocar o procedemento de concesión. Por outra parte, o axuste non se fixo de xeito caprichoso, senón tras facer un estudo comparado da compensación que dan estas bolsas noutras universidades. Estamos na media mesmo con 180 € Entende que o estudantado estea sorprendido por este recorte, tendo en conta que é prioridade deste equipo de goberno manter as axudas aos estudantes. Porén, non quedou máis remedio que recortar o seu importe nesta situación económica de reequilibrio.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente anuncia que hai unha reunión prevista coa Secretaría Xeral de Universidades o día 13 para aclarar como interpretar a nova norma da LOU. A nosa intención é que a Xunta teña a interpretación máis flexible, pois pola nosa parte intentaremos pedir todas as prazas de promoción que sexan posibles sobre o 100% da taxa de reposición. Sobre a suxestión que fai o profesor Hervella en materia de procesos selectivos de profesorado, di que hai que estudalo.

O xerente explica a aparición de panfletos no campus de Elviña, que traen causa da adxudicación de novos lotes do contrato de servizos de limpeza, e a conseguinte subrogación do persoal. De maneira preventiva de cara a esa subrogación, estase facendo presión sindical. Nós, como titulares da



contratación administrativa de limpeza, tutelamos o proceso de subrogación mediante unha reunión a semana pasada coas centrais sindicais do sector limpeza, polo que considera que a situación está reconducida. Sobre o tema dos roubos en Ciencia da Educación, deuse parte ao Corpo Nacional de policía e á empresa de seguridade do campus.

Sobre a CIUG, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías púxose en contacto co noso representante na CIUG para lle solicitar explicacións. O profesor Pedro Armas díxolle que o criterio da CIUG é de prover un máximo do 110% das prazas, para prever posibles renuncias. A mecánica que se deriva deste criterio provoca que se matriculen máis estudantes en determinadas titulacións. O vicerreitor xa lle fixo chegar á CIUG a necesidade de conter estas ampliacións para evitar problema cos verificadores e auditores dos títulos e dos centros.

Sobre os fondos plurianuais de investigación, o vicerreitor de Investigación e Transferencia explica que a cuarta parte deses fondos propios se minora como consecuencia do plan de reequilibrio orzamentario da UDC. Non está previsto que se faga este ano convocatoria de contratos predoutorais con fondos propios, pola carestía económica derivada da aplicación do Plan de financiamento do SUG 2011-2015. Para atender a punta de traballo derivada da defensa de teses de doutoramento, desde hai dez días, hai unha persoa adicional de apoio na Oficina de Doutoramento. O vicerreitor agradece expresamente a profesionalidade e o esforzo que están a realizar o PAS e o Comité de Dirección da EIDUDC, en especial a súa Comisión Permanente.

Tras as anteriores intervencións, o reitor dá por rematada a sesión do Consello de Goberno ás 11:48 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito